



Desacordo entre os facultativos de diferentes especialidades.

Expediente: I.5.Q/3347/20

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2020

Estimado Sr [REDACTED]:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente á falta de programación de sesións por parte do servizo de rehabilitación despois de que o servizo de endocrinoloxía indicase a súa necesidade.

ANTECEDENTES

No seu escrito esencialmente nos indicaba que está diagnosticado dunha enfermidade rara e que o endocrinólogo que segue a súa enfermidade lle aconsellou que recibira unhas sesións de rehabilitación, pero o servizo de rehabilitación non as considerou pertinentes motivo polo que non foi citado para rehabilitación.

Ante iso requirimos informe á Consellería de Sanidade que xa nolo remitiu. En dito informe indícase o seguinte:

“ En relación coa queixa presentada ante esa institución por D [REDACTED], e unha vez recibida información previa da Xerencia da Area Sanitaria de Vigo, compre informar que o paciente ten cita no servizo de rehabilitación o vindeiro 23 de xullo “.

ANÁLISE

Á vista do contido do seu escrito de queixa e da documentación achegada por vostede e do que se manifesta no informe da Administración, cómpre facer as seguintes consideracións:

As patoloxías que presentan os doentes poden ser moi complexas e requirir coidados de diferentes especialidades médicas, pero as recomendacións dos distintos facultativos deben ir na mesma liña sen contradicións que poidan xerar un clima de desconfianza e indefensión nos seus pacientes.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, resolvo dar por concluído este expediente ao considerar que a intervención desta institución, requirindo información sobre os feitos, orixinou que a administración afectada revisara a situación, comprobara o problema que motivou a súa queixa e adoptara as medidas adecuadas para resolvelo facilitándolle unha cita para o servizo de rehabilitación en xullo de 2020.

Ademais, comunicámoslle que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega. Neste sentido, no informe anual ao Parlamento de Galicia darase conta das queixas que foron solucionadas ou resoltas positivamente no curso das actuacións desta institución.

Agradézolle a súa confianza nesta institución e saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo

